



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE FACENDA E ENDESA GENERACIÓN S.A DE REORDENACIÓN DO SISTEMA VIARIO DO NÚCLEO DAS PONTES PARA O CUMPRIMENTO DA CENTRAL TÉRMICA DA DIRECTIVA 2010/75/UE SOBRE EMISIÓN INDUSTRIAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa Consellería de Facenda e ENDESA GENERACION SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras, a Consellería de Facenda e ENDESA GENERACIÓN S.A para a reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes para o cumprimento da Central Térmica da directiva 2010/07/UE sobre emisións industriais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Adaptar a Central Térmica de Carbón das Pontes aos requerimentos da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de novembro, sobre emisións industriais (DEI), polo que é preciso executar un importante investimento en instalacións de desnitrificación e desulfuración, investimento que permitirá prolongar a vida útil da instalación e manter a actividade nas Pontes mais alá do ano 2020.





A explotación das novas instalacións require o uso por ENDESA dos terreos polos que discorre o tramo da estrada AC-861, entre o PQ 26+670 (intersección AC-861 coa rúa Blanco Amor, excluindo a rotonda) e o PQ 27+550 (intersección da AC-861 coa rúa alcalde José Vilaboy Pajón, excluindo a rotonda). Este tramo está situado entre a Central Térmica e o río Eume e o Ciclo Combinado de Gas, moi próximo ás instalacións da Central. A maior parte do tráfico que discorre por dito tramo está orixinado por accesos á propia central e como conexión coa autovía Ferrol-Vilalba.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 6 de marzo

de 2017.

